

LIÑA 1. PROXECTOS DE IMPLANTACIÓN, AMPLIACIÓN OU MELLORA DA RECOLLIDA SEPARADA DE BIORRESIDUOS DESTINADOS A INSTALACIÓNS ESPECÍFICAS DE TRATAMENTO BIOLÓXICO (COMPOSTAXE E/OU DIXESTIÓN ANAEROBIA)

Actuacións cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU


# MANUAL DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA

Consortio As Mariñas. Lugar de Bos-Naves O Carballal, 4. Guísamo. 15640 Bergondo  
info@consorcioam.org. 981 784 704. www.consorcioam.org



## ÍNDICE

1. Que é a compostaxe.
2. Que é o compost.
3. O composteiro.
4. Que podemos compostar.
5. Como empezar a compostar.
6. Posibles problemas e solucións.
7. Cando está listo o compost.



# 1. QUE É A COMPOSTAXE

Trátase dunha técnica sinxela coa que se controla e manexa o proceso biolóxico e natural mediante o cal pequenos seres vivos degradan os restos orgánicos procedentes do lixo doméstico, de restos de podas, céspede cortado ou outros residuos agrícolas, transformándoos nun fertilizante natural seguro e rico en nutrientes para o solo, que se coñece como COMPOST.

Esta técnica busca xerar e manter as condicións favorables de humidade, temperatura e aireación para que os microorganismos (fungos e bacterias) e outros pequenos animais (vermes, insectos,...) transformen estes restos orgánicos nun fertilizante hixiénico, homoxéneo e de alto valor para o cultivo e a xardinería.

A compostaxe é un proceso tradicional presente na agricultura dende hai centos de anos. Hoxe en día, con lixeiras melloras técnicas e novos desempeños de ferramentas ou recipientes, pódese desenvolver o proceso de compostaxe dun xeito máis controlado, sinxelo e evitando problemas de cheiros.



## 2. QUE É O COMPOST

O compost é o produto resultante do proceso da compostaxe, un material hixiénico e de aparencia semellante á terra do monte. É un fertilizante rico en substancias minerais e nutrientes, beneficioso para o crecemento vexetal e que podemos empregar na terra para mellorar as súas propiedades. É un produto estable e maduro que pode ser almacenado en sacos para ser empregado cando o precisemos.

### ***Beneficios do compost:***

- ***Mellora a estrutura do solo e a súa resistencia á erosión.***
- ***Achega elementos nutritivos precisos para o crecemento das plantas que, ao liberarse lentamente, supoñen unha achega continuada de nutrientes.***
- ***Aumenta a fauna do solo, especialmente de miñocas, que facilitan a aireación.***

## 3. O COMPOSTEIRO

O composteiro é un recipiente de plástico cen por cen reciclado e reciclable. O seu deseño permite a circulación do aire no interior, favorecendo a entrada dos microorganismos que transforman os residuos orgánicos en abono. Deste xeito regúlase a humidade e a temperatura no interior da pila, acadándose así as condicións óptimas para unha boa e rápida descomposición, sen cheiros nin moscas, nun periodo de entre seis e nove meses aproximadamente segundo a época do ano.

Outro aspecto importante é a ubicación, a cal debe de ser sempre en exterior, en contacto directo coa terra, de xeito que se facilite o intercambio de microorganismos, insectos e vermes. Compre evitar instalalo sobre cemento, baldosas ou outras superficies artificiais. Para evitar variacións bruscas de temperatura e humidade é convinte situalo nunha zona sombreada. A situación óptima será baixo unha árbore de folla caduca pois lle dará sombra no verán pero permitiralle recibir os raios de sol no inverno.

Antes de incorporar a materia orgánica ao composteiro é recomendable facer unha cama de restos de leñosos duns 15 cm. formada por restos de podas.



# 4. QUE PODEMOS COMPOSTAR

## MATERIAIS QUE SE PODEN COMPOSTAR

- Restos de comida.
- Pousos do café.
- Restos de podas de árbores e arbustos (mellor triturados).
- Flores, herbas e restos de plantas.
- Follas.
- Restos de horta ou froita.
- Cinza de madeiras naturais.
- Cunchas (mellor trituradas).
- Panos de mesa, papel de cociña, cartón (sen tinta).
- Bolsas de infusións.



## MATERIAIS QUE SE DEBEN ENGADIR CON PRECAUCIÓN



- *Restos de carne e peixe, en pequenas cantidades xa que poden provocar malos cheiros.*
- *Cartón sen tinta partido.*
- *Cinza de madeira sen tratar ou de carbón de grella.*
- *Produtos derivados do leite.*
- *Aceites ou graxas.*



## MATERIAIS QUE **NON** SE DEBEN ENGADIR



- *Materiais que, aínda que sexan orgánicos, teñan substancias contaminantes.*
- *Residuos de plásticos, vidro, papel ou aluminio.*
- *Excrementos de animais.*
- *Revistas.*
- *Filtros de cigarros.*
- *Tecidos sintéticos.*
- *Cápsulas de café.*



---

## 5. COMO EMPEZAR A COMPOSTAR

Sobre a capa de material leñoso colocada na base do composteiro, engadimos unha capa de materiais vexetais e restos de cociña, canto mais triturados, mellor, para que a descomposición sexa máis áxil.

A continuación podemos ir engadindo capas de materia seca como ramas pequenas e follas secas para que a mezcla sexa homoxénea.

É importante voltear o contido cada 10-15 días para evitar problemas durante o proceso da compostaxe e permitir así a aireación necesaria para o bo desenvolvemento do proceso.





## 6. PROBLEMAS E SOLUCIÓNS

<b>PROBLEMA</b>	<b>CAUSA</b>	<b>SOLUCIÓN</b>
<b>Moi húmedo</b>	Exceso de auga	Engadir material seco (pallas, panos de mesa, serrín,...)
<b>Moi seco</b>	Falta de auga	Engadir material húmido (restos de froita, céspede,...)
<b>Cheiros</b>	Falta de aire. Exceso de auga. Residuos non recomendables	Voltear e remexer. Engadir material seco

<b>PROBLEMA</b>	<b>CAUSA</b>	<b>SOLUCIÓN</b>
<b>Moitas moscas</b>	Exceso de auga. Restos de comida sen tapar	Engadir material seco (pallas, panos de mesa, serrín,...)
<b>Presenza de roedores</b>	Residuos sen tapar	Remexer e mesturar ben. Cubrir con material seco.
<b>Temperatura baixa</b>	Pouco material. Falta de nitróxeno ou auga	Engadir material, sobre todo rico en nitróxeno
<b>Temperatura alta</b>	Pila demasiado grande	Voltear

## 7. CANDO ESTÁ LISTO O COMPOST

Cando alomenos xa transcorreran uns cinco meses da súa posta en marcha, pode ser o momento de ir sacando da parte inferior do composteiro o compost elaborado.

O compost maduro ten aspecto de terra de monte. Debe estar frío e non presentar nin auga nin vermes.

Unha vez extraído o compost pódese peneirar para extraer os materiais que poidesen quedar sen compostar e eliminar os elementos inorgánicos que poidesen entrar por erro no composteiro.





XUNTA  
DE GALICIA



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



## LIÑA 1. PROXECTOS DE IMPLANTACIÓN, AMPLIACIÓN OU MELLORA DA RECOLLIDA SEPARADA DE BIORRESIDUOS DESTINADOS A INSTALACIÓNS ESPECÍFICAS DE TRATAMENTO BIOLÓXICO (COMPOSTAXE E/OU DIXESTIÓN ANAEROBIA)

**Actuacións cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU**

ORDE do 1 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento MT975P). Diario Oficial de Galicia número 112 de 14 de xuño de 2023. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Xunta de Galicia.